

**CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)**

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

### CONVOCATORIA

Vista a relación de expedientes concluídos posta a disposición desta Alcaldía pola Secretaría Xeral con data 27 de abril de 2020, a efectos da súa inclusión na orde do día da sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará o día 28 de abril de 2020.

Resultando que mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma durante quince días naturais para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Resultando que polo Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, prorrógase o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, ata ás 00:00 horas do día 12 de abril de 2020,


Resultando que polo Real Decreto 487/2020, de 10 de abril, prorrógase o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, ata as 00:00 horas do día 26 de abril de 2020,

Resultando que polo Real Decreto 492/2020, de 24 de abril, prorrógase o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, ata as 00:00 horas do día 10 de maio de 2020,

Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

*«3. En todo caso, cando concorran 1situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das 1sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen 1válidamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de 1acordo coa normativa vixente, 1constituirse, celebrar 1sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».*

Visto canto antecede, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, mediante o presente escrito convócaselle á sesión ordinaria que a Xunta de Goberno Local realizará por medios telemáticos (videoconferencia) o próximo día 28 de abril de 2020 ás 18:00 horas, en primeira



**CONCELLO DE CEDEIRA (A Coruña)**

Teléfono: 981480000 - Fax: 981482506

C.I.F.: P-1502200-G

convocatoria, e procederase en segunda de acordo ca estipulado no artigo 113.1.c) do R.O.F., coa seguinte:

**ORDE DO DÍA**

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 03.04.2020.
2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2019/U022/000004
3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2019/U022/000016
4. APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F-2020-16
5. BAIXA LIXO NON HABITABLE 34.2019
6. RECURSO RECIBO LIXO 35.2019
7. RECURSO RECIBO LIXO 36.2019
8. RECURSO RECIBO LIXO 37.2019
9. RECURSO RECIBO LIXO 38.2019
10. RECURSO RECIBO LIXO 39.2019
11. RECURSO RECIBO LIXO 40.2019
12. RECURSO RECIBO LIXO 41.2019
13. RECURSO RECIBO LIXO 42.2019
14. RECURSO RECIBO LIXO 43.2019
15. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA "MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2019" E FACTURA CORRESPONDENTE
16. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE Á OBRA "CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NA CARPINTERÍA EXTERIOR DOS ESCOLARES DE PIÑEIRO E ESTEIRO. PAS-2015"
17. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE Á OBRA "MELLORA DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE CEDEIRA. AGADER 2018"
18. ASUNTOS VARIOS

A partir desta data ten Vde. á súa disposición, na Secretaría desta Corporación, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

O Alcalde  
Pablo Diego Moreda Gil